



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Práctica Laboral e de Seguridade Social

Materia	Práctica Laboral e de Seguridade Social			
Código	O03M110V01204			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Ourense			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Fernández Prieto, Marta			
Profesorado	Fernández Prieto, Marta Fernández Prol, Francisca			
Correo-e	mfprieto@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://faitic.uvigo.es">http://http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Estudo das institucións principais do Dereito do Traballo e da Seguridade Social desde a perspectiva da problemática práctica que supón o exercicio profesional da avogacía. Na análise dos contidos, partírase dos coñecementos teóricos que os licenciados e graduados en Dereito adquiriron no seu paso polo ensino universitario, e traballárase en Seminarios principalmente coa metodoloxía do caso seguindo todo o iter procesual ata a finalización do asunto, co fin de conseguir a adquisición polos alumnos das habilidades e aptitudes esenciais no usus fori.			

## Competencias de titulación

Código				
A1	Poseer, comprender y desarrollar habilidades que posibiliten aplicar los conocimientos académicos especializados adquiridos en el grado a la realidad cambiante a la que se enfrentan los abogados para evitar situaciones de lesión, riesgo o conflicto en relación a los intereses encomendados o su ejercicio profesional ante tribunales o autoridades públicas y en las funciones de asesoramiento.			
A2	Conocer las técnicas dirigidas a la averiguación y establecimiento de los hechos en los distintos tipos de procedimiento, especialmente la producción de documentos, los interrogatorios y las pruebas periciales.			
A3	Conocer y ser capaz de integrar la defensa de los derechos de los clientes en el marco de los sistemas de tutela jurisdiccionales nacionales e internacionales.			
A4	Conocer las diferentes técnicas de composición de intereses y saber encontrar soluciones a problemas mediante métodos alternativos a la vía jurisdiccional.			
A10	Desarrollar destrezas y habilidades para la elección de la estrategia correcta para la defensa de los derechos de los clientes teniendo en cuenta las exigencias de los distintos ámbitos de la práctica profesional.			
A13	Saber exponer de forma oral y escrita hechos, y extraer argumentalmente consecuencias jurídicas, en atención al contexto y al destinatario al que vayan dirigidas, de acuerdo en su caso con las modalidades propias de cada ámbito procedimental.			
B2	Que los estudiantes sepan aplicar los conocimientos adquiridos y su capacidad de resolución de problemas en entornos nuevos o poco conocidos dentro de contextos más amplios (o multidisciplinares) relacionados con su área de estudio			
B3	Que los estudiantes sean capaces de integrar conocimientos y enfrentarse a la complejidad de formular juicios a partir de una información que, siendo incompleta o limitada, incluya reflexiones sobre las responsabilidades sociales y éticas vinculadas a la aplicación de sus conocimientos y juicios.			
B4	Que los estudiantes sepan comunicar sus conclusiones [] y los conocimientos y razones últimas que las sustentan[] a públicos especializados y no especializados de un modo claro y sin ambigüedades.			
B5	Que los estudiantes posean las habilidades de aprendizaje que les permitan continuar estudiando de un modo que habrá de ser en gran medida autodirigido o autónomo.			
B6	Capacidad de aprender de forma autónoma.			
B7	Capacidad de resolver problemas de forma efectiva.			
B8	Capacidad de argumentar y rebatir ideas, aplicando un pensamiento crítico y lógico.			

B9	Capacidade de traballar de forma autónoma con iniciativa.
B10	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo.
B11	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadano e como profesional.
B12	Capacidade de síntese e análise.
B13	Capacidade de xestión da información.
B14	Capacidade de organizar e planificar.

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
(*)Coñecemento e comprensión das temáticas e litixios laborais e de Seguridade Social máis comúns	A1	B2 B3 B7 B8
Coñecer as principais institucións xurídicas		
(*)Destrezas no deseño de estratexias de defensa en litixios laborais e de Seguridade Social	A1 A10	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14
(*)Destrezas no asesoramento en temáticas laborais e de Seguridade Social	A13	B3 B4 B7 B12 B13 B14
(*)Coñecemento das instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social	A2 A3 A4	
(*)Habilidades de actuación ante as instancias xudiciais e extraxudiciais competentes en litixios laborais e de Seguridade Social	A1	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14

### Contidos

Tema	
Tema 1. A orde xurisdiccional social	1.1. Competencias da orde xurisdiccional social e delimitación competencial fronte a outras ordes da xurisdición. 1.2. Planta e regras de competencia funcional e territorial 1.3. Competencia xudicial internacional na orde social. 1.4. Desenvolvemento da actividade xurisdiccional. 1.5. O proceso laboral ordinario: fase preprocesual e desenvolvemento do proceso
Tema 2. Relación laboral. Contrato de traballo e modalidades de contratación	2.1. Distinción de figuras próximas. Valoración de indicios de dependencia e axenidade. 2.2. Referencia ás relacións laborais especiais. 2.3. Causas de temporalidade e fraude de lei. 2.4. Intermediación, fomento do emprego e relacións triangulares de traballo

<p>Tema 3. Obrigas e dereitos laborais de empregador e traballador</p> <hr/> <p>Tema 4. Vicisitudes da relación laboral. Especial referencia a empresas en crise</p> <hr/> <p>Tema 5. Negociación colectiva e representación. Liberdade sindical</p> <hr/> <p>Tema 6. Seguridade Social</p> <hr/> <p>Tema 7. Recursos e execución de sentenza</p>	<p>3.1. Remuneración: confección e interpretación de nómina e liquidación. Redacción de papeleta de conciliación por reclamación de cantidade (salarios). Elaboración de demanda por reclamación de cantidade (salarios). Proceso</p> <p>3.2. Tempo de traballo e descansos. Especial referencia ás vacacións.</p> <p>3.3. Dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.</p> <p>3.4. Clasificación profesional.</p> <p>3.5. Mobilidade xeográfica e modificación substancial de condicións de traballo. Procesos</p> <p>3.6. Sancións. Despedimentos (remisión ao tema 4)</p> <p>3.7. Tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas do traballador.</p> <p>3.8. Prevención de riscos laborais. Responsabilidades por accidente de traballo ou enfermidade profesional (remisión ao tema 6).</p> <hr/> <p>4.1. Suspensión</p> <p>4.2. Mobilidade xeográfica e modificación substancial de condicións de traballo (remisión ao tema 3).</p> <p>4.3. Despedimento disciplinario: Confección e interpretación de liquidación e carta de despedimento. Consignación de indemnizacións. Redacción dunha papeleta de conciliación. Proceso de despedimento disciplinario e de impugnación de sancións. Reclamación ao Estado do pagamento de salarios de tramitación en xuízos por despedimento.</p> <p>4.4. Extinción por causas obxectivas e despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción. Confección e interpretación de liquidación e carta de despedimento. Expediente de regulación de emprego. Consignación de indemnizacións. Redacción dunha papeleta de conciliación.</p> <p>4.5. Resolución causal do contrato por vontade do traballador</p> <p>4.6. Empresas en crise: análise de sistemas de regulación de equipo. Sistemas de negociación e pacto entre representantes dos traballadores e empresarios. Empresas en concurso</p> <hr/> <p>5.1. Proceso de conflito colectivo.</p> <p>5.2. Impugnación de convenios colectivos.</p> <p>5.3. Materia electoral</p> <p>5.4. Procesos en materia sindical: tutela da liberdade sindical, impugnacións relativas aos estatutos dos sindicatos e das asociacións empresariais ou á súa modificación.</p> <hr/> <p>6.1. Prestacións: asesoramento sobre a prestación procedente, realización de diagnóstico a longo prazo para os efectos de tomar a decisión correspondente. Redacción de escritos de reclamación previa. Procesos en materia de prestacións de Seguridade Social.</p> <p>6.2. Impugnación de actos de encadramento.</p> <p>6.3. Impugnación de altas médicas.</p> <p>6.4. Accidente de traballo ou enfermidade profesional. Recarga de prestacións e responsabilidade civil, administrativa e/ou penal.</p> <p>6.5. Melloras voluntarias.</p> <p>6.6. Aplicación dos Regulamentos comunitarios (CE) 883/2004, sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social e 987/2009, polo que se adoptan as normas de aplicación</p> <hr/> <p>7.1. O sistema de recursos. Recursos contra providencias, autos, dilixencias de ordenación e decretos. Recurso de suplicación. Recurso de casación. Casación para a unificación de doutrina. Remedios e recursos contra sentenzas firmes: audiencia ao demandado rebelde, nulidade de actuacións, erro xudicial, revisión de sentenzas, recurso de amparo.</p> <p>7.2. Execución de sentenza. Execución provisional e definitiva. Execucións monetarias con especial referencia á insolvencia empresarial e á intervención do FOGASA. Execucións con especialidades: execución de sentenzas firmes de despedimento; execución de sentenzas firmes fronte a entes públicos; execución provisional de sentenzas condenatorias en materia de Seguridade Social; execución provisional de sentenzas condenatorias recaídas noutros procesos.</p>
---	--

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	62	61	123
Probas de tipo test	1	37	38
Estudo de casos/análise de situacións	1	38	39

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Seminarios	Tras unha sucinta presentación teórica do tema, nos Seminarios realizaranse actividades enfocadas a analizar e resolver supostos prácticos sobre un tema específico, que permitirán afondar ou complementar os contidos de maior virtualidade práctica da materia

## Atención personalizada

### Metodoloxías Descrición

Seminarios	Entrevistas/conversacións do docente cos alumnos para asesoramento e desenvolvemento de actividades, debates, traballos tutelados... e do proceso de aprendizaxe en xeral, incluíndo a posibilidade de acudir a instancias xudiciais e extraxudiciais
------------	---

## Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	Avaliase a participación do alumno nos Seminarios así como a súa preparación, segundo as indicacións previamente fornecidas polo docente	20
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades	30
Estudo de casos/análise de situacións	Proba en que se expón unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc.	50

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos/as poden optar entre dous sistemas de avaliación:

1. Sistema de avaliación continua
2. Sistema de avaliación final

**(I) SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA.** Para acollerse ao sistema de avaliación continua e aprobar a materia mediante este sistema, o alumno/a deberá cumprir os dous requisitos seguintes:

1. Acreditar asistencia a un 80% das clases □maxistras, grupos medianos e accións titoriais-, sen que, salvo casos excepcionais □-ex. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, permítase xustificar a ausencia.
2. Obter unha cualificación de cinco ou superior como nota media que resulte dos tres tipos de probas de avaliación que se realizarán ao longo do cuadrimestre, debendo obter unha cualificación non inferior a 4 nas probas tipo test e no estudo de casos para aprobar a materia mediante o sistema de avaliación continua.

### I. AVALIACIÓN maio:

A nota final será o resultado da suma das cualificacións conseguidas nas seguintes probas obrigatorias:

1. *Seminarios.* No marco dos seminarios, exoranse distintas tarefas a desenvolver con arranxo ao método do caso e seguindo un cronograma previamente facilitado. Esas tarefas esixirán traballo autónomo do alumno/a segundo as indicacións previamente fornecidas polo docente e a participación activa do alumno/a en os seminarios. A súa avaliación representará un 20% da cualificación final do alumno/a.
2. *Proba tipo test.* Ao longo do cuadrimestre, realizaranse unha ou dúas probas tipo test de preguntas pechadas de elección múltiple, que representarán un 30% da nota final. Estas probas incluírán preguntas de carácter teórico e de carácter práctico sobre contidos incluídos na guía docente ou desenvolvidos nos Seminarios.
3. *Estudo de casos/análises de situacións.* Na data previamente establecida, realizarase unha proba na que se expoña un ou varios casos prácticos para que sexan analizados polo alumno/a, que deberá responder as cuestións que se expoñan. A súa avaliación representará un 50% da cualificación final.

Para aprobar a materia mediante o sistema de avaliación continua a nota media ponderada das tres probas ha de ser de 5 ou superior e o alumno/a deberá obter polo menos un 4 nas probas tipo test e no estudo de caso. Se o alumno non cumpre estes requisitos, poderá presentarse na data prevista para o exame final á parte da proba que teña suspensa, pero nese caso a cualificación final correspondente a esa parte, da que novamente se examina, será unha media ponderada entre a primeira cualificación □suspensa- (10%) e a obtida no exame final (90%). Manteráselle a cualificación obtida no marco dos Seminarios e, no seu caso, na proba que teña aprobada □-proba tipo test ou estudo de casos-.

## II. AVALIACIÓN xuño-xullo:

Se o alumno/a sometido a avaliación continua obtivese na avaliación de maio unha cualificación superior a 5 na proba tipo test ou no estudo de casos, pero non conseguise aprobar a materia por non obter unha cualificación media superior a 5, poderá conservar na avaliación de xuño-xullo a cualificación das probas aprobadas e examinarse unicamente da parte suspensa, pero nese caso a cualificación final correspondente a esa parte, da que novamente se examina, será unha media ponderada entre a cualificación de maio -[suspensa- (20%) e a obtida en xuño/xullo (80%). Manteráselle a cualificación obtida no marco dos Seminarios e, no seu caso, na proba que teña aprobada [proba tipo test ou estudo de casos-.

A nota obtida na avaliación continua non se conservará para convocatorias de cursos académicos posteriores. O alumno/a deberá someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

**(II) Sistema de avaliación final.** O alumno/a que non cumpra os requisitos para acollerse ao sistema de avaliación continua ou que opte por non facelo, terá dereito a ser avaliado en maio e/ou en xuño-xullo mediante un exame final que lle permitirá alcanzar unha cualificación máxima dun 80%. O alumno/a perderá a posibilidade de ser cualificado pola súa participación en clase no marco dos Seminarios. O citado exame final constará de dúas probas:

1. *Proba tipo test* (30% da nota final). Esta proba incluírá preguntas de carácter teórico e de carácter práctico sobre contidos incluídos na guía docente ou desenvolvidos nos Seminarios.

2. *Estudo de casos/análises de situacións* (50% da nota final).

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

PEDRAJAS MORENO, A., **Práctica Laboral para abogados**, última edición,

FRANCIS LEFEVRE, **Memento práctico social: derecho laboral, seguridad social**, última edición,

FRANCIS LEFEVRE, **Memento práctico de seguridad social**, última edición,

Westlaw,

ALONSO OLEA, M. y CASAS BAAMONDE, M<sup>a</sup> E., **Derecho del Trabajo**, última edición, Thomson Civitas

CRUZ VILLALÓN, J., **Compendio de Derecho del Trabajo**, última edición, Tecnos

RAMÍREZ MARTÍNEZ, J. M., SALA FRANCO, T. y otros, **Curso de Derecho del Trabajo**, Tirant Lo Blanch, Valencia, última edición.

SALA FRANCO, T., ALBIOL MONTESINOS, I., **Derecho Sindical**, Tirant Lo Blanch, Valencia, última edición.

Blanch, Valencia, última edición.

VIDA SORIA, J., MONEREO PÉREZ, J.L., MOLINA NAVARRETE, C., QUESADA SEGURA, R., **Manual de Seguridad Social**, Tecnos, Madrid, última edición.

Legislación laboral y de Seguridad Social, última edición, Tecnos

Legislación Laboral y de Seguridad Social, Netbiblo, última edición.

Código de la Seguridad Social, Aranzadi, Pamplona, última edición.

---

### **Recomendacións**